

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 25 DE MAIO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/686/2010.- José Antonio Vieites García.- Vivenda unifamiliar na rúa Vintecinco de Xullo – SUNP 4

Lic/367/2010.- Manuel Romero Rey.- Garaxe anexa á vivenda sita na rúa do Avío nº 43.

APERTURAS.-

Lap/13/2010.- Arcebispo de Santiago.- Ampliación de cemiterio no lugar de A Peregrina. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente.

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/1960/2007.- FRANCISCO JAVIER BUGALLO SÁNCHEZ.- Modificación da licenza otorgada pola Xunta de Goberno Local do 5 de maio de 2009.

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

LIC/761/2010.- ZOAR RESIDENCIAL S.L.- Devolución da fianza en garantía da licenza LIC/1857/2006. O importe da fianza é de 3.000€.

DIS/851/2009.- ARGAMASA SANTIAGO CONSTRUCCIONES SL.- Devolución da fianza depositada pola ocupación da vía pública cunha estada en rúa de San Francisco, 10. O importe da fianza é de 601€

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse axudas para 16 vivendas por un importe total de 131.887 euros.

6.- Propostas do concelleiro delegado de Mercados relativas a cambios de titulariedade de diversas casetas da praza de abastos.

Autorízase unha transmisión e unha permuta e outórgase unha indemnización en concepto de adquisición de subministración para adaptar as novas instalacións para o desenvolvemento da actividade.

7.- Aboamento por prestación de servizos extraordinarios e plus de transporte.

Abóanse os devanditos servizos.

8 a 122, 124 e 125.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre actividades económicas, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos

Concédense os devanditos beneficios.

122.- Aprobación da relación definitiva de admitidos e excluídos nas escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas para 2010-2011.

Apróbanse as listas definitivas e rexéitase unha reclamación.

123.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición.

Rexéitase un recurso de reposición relativo a unha bonificación para un inmovible xa que o citado inmovible non se atopa incluído no ámbito territorial de aplicación da bonificación previsto no artigo 3.4 da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles.

126.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de alegacións e aprobación definitiva do Proxecto de expropiación complementario polo procedemento de taxación conxunta do expediente expropiatorio do Plan parcial do SUP-7 de Ponte Pedriña.

Desestímase unha alegación e apróbase definitivamente o expediente complementario para a expropiación de servidume de luces e vistas que consta rexistralmente sobre a parcela 193 do expediente expropiatorio do SUP-7 de Pontepedriña polo procedemento de taxación conxunta, sen cambios respecto do aprobado inicialmente, establecendo como precio xusto do dereito de servidume o de 248,97 euros, premio de afección incluído.

127.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta da presentación do documento refundido do solo urbanizable delimitado número 7 (SUD-7). Vite de Arriba.

Dáse conta da presentación do citado documento reformado do Plan parcial do SUD-7 (Vista Alegre) e dáse conformidade para a súa exposición ao público.

128.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á solicitude de subvención para o mantemento do servizo de normalización lingüística.

Acórdase solicitar a devandita subvención.

129.- Dar conta da aprobación do pago por parte da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do mantemento do servizo de Normalización Lingüística.

Dáse conta da subvención por importe de 12.000 euros.

URXENCIAS

1.- Adxudicación definitiva do contrato de ampliación, adecuación, supresión de barreiras arquitectónicas e sinalización de sendeiro autoguiado polos parques de Compostela, incluída no FES 2010.

Adxudícase definitivamente o contrato de ampliación, adecuación, supresión de barreiras arquitectónicas e sinalización de sendeiro autoguiado polos parques de Compostela, incluída no FES 2010, á empresa CESPAS, SA, por importe de 126.724,23 euros máis IVE.

2.- Adxudicación definitiva da construción da rede de saneamento no refuxio de animais, incluída no FES 2010.

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa AQUAGEST, SA, por importe de 79.700 euros.

3.- Adxudicación definitiva da implantación de servizos de administración electrónica na carpeta cidadá e oficinas de atención do Concello de Santiago, incluída no FES 2010.

Adxudícase definitivamente o contrato de implantación de servizos de administración electrónica na carpeta cidadá e oficinas de atención do Concello de Santiago, incluída no FES 2010 á empresa TECNOCOM, SA, por importe de 62.000 euros máis IVE.

4.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación do prego e inicio da contratación das obras do proxecto de substitución do depósito de augas de Vrins e integración ambiental do contorno.

Apróbase o proxecto redactado pola empresa CONSULTORES DE MEDIO AMBIENTE e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 71.382,59 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á solicitude dunha subvención á Secretaría Xeral da Igualdade, da Xunta de Galicia.

Apróbase solicitar á Xunta unha subvención para dous programas: actividade de concienciación e sensibilización sobre os valores da igualdade e da corresponsabilidade familiar (6.000 euros) e campaña de sensibilización da violencia de xénero, 25 de novembro (9.750 euros).